



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

# REUNIÓN

Dirección - Rep. Sindical (13/11/09)

## **Producción.-**

Despois de que o laboratorio da rumoroloxía cumprira o seu papel habitual de estender por toda fábrica, a idea de non traballar o luns e martes as liñas da M-2, como consecuencia da falla dunha peza dun provedor, na reunión celebrada no día de hoxe concreouse:

Que a produción a realizar para novembro e decembro segue sendo a mesma da cal xa informamos con anterioridade, salvo o cambio da data do curso de formación SPP que estando previsto para o 23, adiantouse para o día 16 na Quenda A.

A respecto dos sábados extras de carácter voluntario serán os seguintes.

Novembro:

Sistema II ós días 21 e 28

Sistema I ó día 28

Decembro

Sistema II os días 5, 12 e 19

Sistema I, os días 5, 12, e 19

Quenda de Noite:

Os horarios serán os seguintes:

.-Xornada de 7'05 h. en Montaxe e de 7'04 Estrutura. Hora de entrada, a normal 22 hrs. Contemplan os domingos 13 e 20 de Decembro.

## **Peche de Instalacións.**

O peche de instalacións está previsto para o día 22, no Sistema 1 pechará a quenda de Noite, no Sistema II será a quenda de tarde. Con respecto a Embutición concretarase en vindeiras datas.

## **Plan Psicosocial.**

Hoxe, a pesares de non figurar na orde do día (?) vai ser tratado no Comité de Saúde Laboral o Plan de Avaliación de Riscos sobre esta patoloxía que, como todos sabemos, está afectando a traballadores/as con consecuencias graves. A este respecto din, que está previsto contar coa representación sindical. Pola nosa parte, reiterarvos que teremos unha participación activa, por entender que hai factores determinantes como son os postos de traballo con ritmos irrealizables, ou tamén o trato que veñen recibindo as persoas con limitacións.

# Confederación Intersindical Galega